



**Resolución do 13 de decembro de 2024, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa pola que se lle dá continuidade e se incorporan novos centros docentes públicos á Rede de Escolas de Fronteira durante o curso 2024/25.**

As competencias lingüísticas constitúen o núcleo da construción do Espazo Europeo de Educación. Son indispensables para a mobilidade, a cooperación e o entendemento mutuo a través das fronteiras. A coexistencia de moitas linguas en Europa simboliza a aspiración europea de estar unida na diversidade. Ao mesmo tempo, a Unión Europea fixa o fomento do plurilingüismo como un obxectivo irrenunciábel para a construción do proxecto europeo. O dominio dunha segunda ou mesmo dunha terceira lingua estranxeira converteuse, polo tanto, nunha prioridade na educación como consecuencia do proceso de globalización en que vivimos.

Por outra banda, o artigo 1 da *LEI 1/2014, do 24 de marzo, para o aproveitamento da lingua portuguesa e vínculos coa lusofonía (Lei Paz Andrade)* establece o deber que teñen os poderes públicos galegos de promover o coñecemento da lingua portuguesa e das culturas lusófonas tanto para afondar nos vencellos históricos que unen Galicia cos países e comunidades de lingua portuguesa coma polas vantaxes estratéxicas que para Galicia teñen as relacións económicas e sociais no marco da Eurorrexión Galicia-Norte de Portugal.

Neste contexto, a Estratexia Galega de Linguas Estranxeiras -Edulingüe 2030-, na súa **liña de impacto 1, Programa integral de extensión e afianzamento do ensino plurilingüe** ten como obxectivo favorecer o incremento do capital lingüístico da nosa poboación e a eliminación de barreiras idiomáticas que favorezan a igualdade, a cooperación, a cultura e mais a mellora da riqueza do noso territorio; ademais, na súa **liña 8, Accións para a mellora da competencia comunicativa: mobilidades e intercambios**, incide directamente na mellora da competencia comunicativa do profesorado e do alumnado co fin de favorecer a internacionalización do sistema educativo. Esta liña ten por obxecto fomentar a actualización metodolóxica e a mellora do nivel de competencia en comunicación lingüística das linguas estranxeiras, a través do contacto directo con persoas doutros países, neste caso, Portugal.

O Proxecto Escolas Bilingües e Interculturais de Fronteira (PEBIF) xorde no ámbito do acordo establecido entre os gobernos de Portugal e España. Participan no Programa os Ministerios de Educación dos dous países, en articulación coas Comunidades Autónomas de Castela e León, Extremadura e Andalucía, tendo como socios a Organización de Estados Iberoamericanos (OEI), a Universidade Complutense de Madrid (UCM) e mais a Universidade de Aveiro (Portugal), coa participación de Centros de Formación do Profesorado das Comunidades Autónomas no caso de España, e de Institutos Superiores Politécnicos e Universidades no caso





de Portugal.

En definitiva, con esta iniciativa preténdese promover a formación e capacitación permanente dos docentes en competencias plurilingües e interculturais, así como contribuír á creación de redes de escolas nas zonas fronteirizas, facendo desta rede un centro irradiador de coñecemento, actitudes e prácticas educativas innovadoras de promoción do multilingüismo, da interculturalidade e mais da diversidade sociocultural que redunde directamente no alumnado obxecto desta iniciativa.

De acordo co exposto anteriormente, esta Dirección Xeral

RESOLVE:

### **Primeiro. Obxecto**

Esta resolución ten por obxecto darlle continuidade, incorporar e dar a coñecer os centros que conformarán a Rede de Centros "Escolas de Fronteira" durante o curso 2024/25.

### **Segundo. Ámbito de aplicación**

Participarán nesta convocatoria 9 centros docentes públicos da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional (en diante, Consellería) que imparten ensinanzas de educación infantil e primaria, promovendo prácticas pedagóxicas e didácticas plurilingües e interculturais. A relación dos centros participantes figura no anexo I.

### **Terceiro. Definición do programa "Escolas de Fronteira"**

"Escolas de Fronteira" é unha iniciativa que ten como finalidade a promoción de actividades culturais e pedagóxicas, así como a promoción da identidade común dos pobos galego e portugués dentro dunha perspectiva xeral de integración europea e do mundo lusófono.

### **Cuarto. Obxectivo xeral e eixes de actuación do proxecto "Escolas de Fronteira"**

O obxectivo xeral do programa é promover a cooperación entre España e Portugal no desenvolvemento educativo, social e económico dos territorios de fronteira a través da creación dunha rede de escolas que lles proporcionen unha educación de calidade ás poboacións que viven nestas rexións. Esta educación debe incluír



habilidades e coñecementos asociados ao bilingüismo e á interculturalidade que sexan relevantes para a cidadanía, a continuación de estudos e a empregabilidade.

A inclusión e a valorización da diversidade lingüística e cultural na educación son principios que orientan o proxecto e xustifican o desenvolvemento de prácticas pedagóxicas e didácticas plurilingües e interculturais que se vexan reforzadas pola capacitación e pola formación continua do profesorado.

O programa centrarase nos seguintes eixes de actuación:

1. Promover a cooperación entre España e Portugal.
2. Establecer canles de comunicación entre Galicia e Portugal aproveitando os vínculos lingüísticos.
3. Desenvolver procesos de formación continua de profesores nos ámbitos do bilingüismo e a interculturalidade.
4. Contribuír á investigación e á innovación pedagóxica.
5. Crear e difundir recursos pedagóxicos.
6. Promover a creación de redes e o reparto de recursos en zonas de fronteira.
7. Consolidar, con flexibilidade, a xestión e o desenvolvemento da oferta curricular.
8. Fomentar, dende o ámbito educativo, a implantación de iniciativas que contribúan ao coñecemento e á consecución dos ODS da Axenda 2030, prestándolles unha especial atención tanto ao ODS 4, que busca garantir unha educación inclusiva, equitativa e de calidade, coma ao ODS 17, que fomenta as alianzas para lograr os obxectivos.

Estes eixes desenvólvense arredor das seguintes dimensións:

- Relacións Internacionais, creando un marco de cooperación entre Portugal e España, co apoio da Organización de Estados Iberoamericanos para a Educación, a Ciencia e a Cultura como socio privilexiado.
- Formación, investigación e seguimento técnico, creando un grupo de formación para os profesores implicados e un seguimento técnico do traballo de campo no que participan a asesoría científica do proxecto, expertos de institucións de educación superior e centros de formación de profesores de ambos os países.
- Apoio á elaboración de recursos educativos e pedagóxicos específicos.





### Quinto. Proxecto de centro "Escolas de Fronteira"

Cada centro participante realizará un proxecto en conxunto co seu centro espello portugués e contará co asesoramento da OEI.

O contido deste proxecto será pactado entre os dous centros co asesoramento da Consellería e da Organización de Estados Iberoamericanos (OEI) mediante actividades de formación e de titorización.

O proxecto terá que estar rematado antes de finais de xuño de 2025.

### Sexto. Difusión das experiencias

Os materiais elaborados pasarán a ser propiedade da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, conservando a autoría dos seus creadores, co fin de servir como exemplo de boas prácticas, para o que deberán ser publicados cunha Licenza Creative Commons CCBY-NC-SA.



Permítese o uso non comercial da obra e das posibles obras derivadas, a distribución das cales debe facerse cunha licenza igual á que regula a obra orixinal.

Cando os centros fagan difusión dos traballos realizados no contexto do Proxecto Escolas de Fronteira nos seus espazos web, deberán indicar a súa participación neste proxecto da Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional mediante o logo do programa.

### Sétimo. Coordinación e equipo de dinamización

A partir dunha metodoloxía de investigación-acción, o programa ten o obxectivo de implementar nas escolas de primaria proxectos de aprendizaxe orientados ao desenvolvemento da competencia plurilingüe e intercultural, favorecendo actividades interdisciplinarias e contextualizadas, incluíndo tamén unha compoñente de comprensión da contorna física e social que englobe as realidades de ambos os países e, en particular, o territorio fronteirizo no que se atopan as escolas.

Para tal fin, a dirección do centro educativo, en desenvolvemento da súa autonomía e en función das características e tipoloxía do mesmo, establecerá un equipo de dinamización de Escolas de Fronteira e nomeará a persoa coordinadora.

A persoa coordinadora do equipo de dinamización de Escolas de Fronteira terá as seguintes funcións:

1. Coordinar o equipo de dinamización Escolas de Fronteira.





2. Diseñar o proxecto, xunto co profesorado participante no equipo.
3. Colaborar na redacción do proxecto, así como dinamizar o desenvolvemento do programa co seu centro homólogo portugués.
4. Manter o contacto regular co seu centro correspondente en Portugal.
5. Avaliar os procesos postos en marcha, a súa repercusión e, de ser preciso, a adaptación das actuacións previstas .
6. Divulgar á comunidade educativa o desenvolvemento do programa.
7. Asistir ás reunións coa Consellería ou coa OEI que fosen necesarias para o correcto desenvolvemento do programa.
8. Todas as funcións que fosen necesarias para o correcto desenvolvemento do deseño e aplicación do programa.

O equipo de dinamización estará conformado preferentemente polas persoas titoras dos cursos obxecto deste programa.

### **Oitavo. Formación**

A persoas docentes membros do equipo de dinamización que non asistisen previamente á formación do curso 23-24 acudirán á formación específica do programa.

A persoa coordinadora e os docentes membros do equipo de dinamización contarán con sesións de seguimento do proxecto e presentación final de resultados.

### **Noveno. Certificación e recoñecemento de participación**

A efectos de xustificación, os centros seleccionados a través desta convocatoria deberán presentar unha memoria de actividades diante da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, con data límite do 30 de xuño de 2025, segundo o modelo que se lles facilite con anterioridade. A devandita memoria deberá contar cos seguintes apartados:

1. Relación nominal (DNI e posto de traballo) dos docentes que participaron no programa.
2. Número de alumnos e de alumnas implicados.
3. Grao de participación e implicación da persoa docente e do alumnado nas actividades. Breve descrición das actividades levadas a cabo por cada persoa





docente implicada.

4. Adecuación á consecución dos obxectivos tanto do programa coma das actividades levadas a cabo.
5. Visibilización das actividades realizadas: web do centro, actividades de difusión das actividades, blog, redes sociais, publicacións na revista escolar, etc.
6. Conclusións e valoracións

A Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional certificará, unha vez cumpridos os requisitos establecidos nesta Resolución, a participación do profesorado do centro directamente implicado no plan de mellora como actividade de innovación educativa con 10 horas de formación do profesorado. Esta certificación estará supeditada á avaliación positiva da memoria xustificativa da participación activa do profesorado nas accións desenvolvidas.

As persoas asistentes á formación específica sobre metodoloxía de proxectos multiculturais recibirán un certificado correspondente a 15 horas de formación permanente do profesorado.

Así mesmo, a dirección do centro emitirá un diploma para o alumnado participante, segundo o modelo contido no anexo II desta resolución, en recoñecemento á súa participación no programa.

### **Décimo. Compromisos do centro e do profesorado participante**

Os centros educativos deberán asumir os seguintes compromisos:

1. Informar, por parte da dirección do centro, o Claustro de Profesorado e contar coa aprobación do Consello Escolar.
2. Realizar un seguimento periódico das actuacións previstas no programa.
3. Garantir a participación activa da persoa coordinadora e do equipo de dinamización nas iniciativas que desde a Administración educativa se establezan.
4. No caso da persoa coordinadora e do equipo de dinamización que se designe, comprometerse a participar na formación específica (presencial e non presencial) que se oferte dentro do programa.





5. En colaboración coa Administración educativa, realizar unha divulgación adecuada da iniciativa entre toda a comunidade educativa, de xeito que se lle achegue a información necesaria e se realice a adecuada sensibilización en relación con este programa.

### **Décimo primeiro. Información básica sobre protección de datos de carácter persoal**

Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable por parte da Xunta de Galicia, Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional, coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa que derive da xestión deste procedemento e mais a actualización da información e contidos da carpeta cidadá.

O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de poderes públicos, conforme a normativa recollida na ficha do procedemento incluída na Guía de procedementos e servizos, no propio formulario anexo e nas referencias recollidas en <https://www.xunta.gal/informacion-xeral-proteccion-datos>. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas e esta circunstancia reflectirase no devandito formulario.

Os datos serán comunicados ás Administracións públicas, organismos e/ou entidades que participan neste plan no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

A fin de darlle a publicidade esixida ao procedemento, os datos identificativos das persoas interesadas serán publicados conforme ao descrito na presente norma reguladora a través dos distintos medios de comunicación institucionais dos que dispón a Xunta de Galicia como Diarios Oficiais, páxinas web ou taboleiros de anuncios.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, así como exercer outros dereitos ou retirar o seu consentimento, a través da sede electrónica da Xunta de Galicia ou presencialmente nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se explicita na información adicional recollida en <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

No caso de existir diferentes referencias normativas en materia de protección de datos persoais neste procedemento, prevalecerán en todo caso aquelas relativas ao Regulamento (UE) 2016/679, Xeral de Protección de Datos ou a Lei Orgánica 3/2018,





de 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais.

En Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital

Judith Fernández Novoa

Directora Xeral de Ordenación e Innovación Educativa

## ANEXO I

### Centros que continúan e se incorporan á Rede de Escolas de Fronteira

Código centro	Centro	Concello	Provincia
36008751	CEIP Plurilingüe Infante Felipe de Borbón	Salvaterra do Miño	Pontevedra
36009846	CEIP Plurilingüe N°1	Tui	Pontevedra
32004829	CEIP Rosalía de Castro	Xinzo de Lima	Ourense
32015797	CEIP Plurilingüe Amaro Refojo	Verín	Ourense
32004398	CEIP Vicente Risco	Cualedro	Ourense
32014501	CEIP Plurilingüe Rodolfo Núñez Rodríguez	Vilardevos	Ourense
36009411	CEIP Pintor Antonio Fernández	Tomíño	Pontevedra
36018653	CEIP Plurilingüe As Solanas - Nicolás Gutiérrez Campo	A Guarda	Pontevedra
32015256	CEIP Plurilingüe das Vendas da Barreira	Riós	Ourense







## ANEXO II

### Modelo de diploma acreditativo para o alumnado participante no Programa "Rede de Escolas de Fronteira"

Don/a.....en calidade de director/a do centro....., certifica que  
Don/a .....alumno/a do curso... de .....primaria, participou no curso  
académico.....no Proxecto Rede de Escolas de Fronteira.

Asdo.:

**A persoa Directora**

